



Concello da Pobra do Caramiñal

Expte nº 1275/2020

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

No ano 2019, a través da Resolución da Alcaldía n.º 2019-0546 de 8 de xullo, aprobouse a bolsa de emprego para a contratación de animadores/as turísticos/as. Tendo en conta que a dita bolsa quedou integrada soamente por tres persoas, dende entón púxose de manifesto a insuficiencia de persoal para realiza-las contratacións que necesitaba o Concello, xa que non existían persoas suficientes que chamar na dita bolsa.

Para solucionar isto e permitir que máis persoas puidesen entrar a facer parte desta bolsa de emprego optouse por realizar un novo proceso de selección de persoal para a creación dunha nova listaxe. Para non prexudica-los dereitos lexítimos das persoas integrantes da bolsa de 2019 e respecta-la orde de prelación, esta nova listaxe **será accesoria e supletoria** da aprobada pola mencionada Resolución da Alcaldía n.º 2019-0546 de 8 de xullo. Deste xeito, cando sexa preciso realizar algunha contratación de persoal para estes postos de traballo, acudirase en primeiro lugar á bolsa de emprego aprobada no ano 2019, e soamente no caso de que, despois de realiza-los chamamentos a tódalas persoas integrantes da dita bolsa, non se puidese realiza-la contratación, poderase acudir á listaxe que resulte da realización do proceso selectivo regulado nesta resolución. Así mesmo, a duración desta bolsa de emprego será a mesma que se estableza para a bolsa principal de 2019, polo cal caducará ou quedará sen efectos no mesmo momento en que a principal.

Despois de ve-los informes que figuran no expediente e a fiscalización da Intervención municipal, e logo de examinadas as bases da convocatoria en relación con esa selección de persoal, conforme o establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aproba-las bases reguladoras que rexerán o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal como TÉCNICOS/AS TURÍSTICOS/AS. As citadas bases acompañan esta resolución. Esta bolsa de emprego será **accesoria e supletoria da aprobada pola mencionada Resolución da Alcaldía n.º 2019-0546 de 8 de xullo** para a contratación de persoal laboral temporal como ANIMADORES/AS TURÍSTICOS/AS. A duración desta bolsa de emprego será a mesma que se estableza para a bolsa principal aprobada en 2019, polo cal caducará ou quedará sen efectos no mesmo momento en que a principal.

SEGUNDO. Que se convoquen as probas selectivas mediante un concurso para a cobertura en réxime laboral temporal dos postos de traballo indicados.

TERCEIRO. Que se publique o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina *web* e na sede electrónica do Concello, así como a convocatoria das ditas probas no **Boletín Oficial da Provincia da Coruña**. O prazo de presentación de solicitudes polas persoas interesadas comezará a se computar a partir da data de publicación neste último.

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280

José Luis Piñeiro García (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 24/07/2020
HASH: c60109e7fe84d3154ee76329bdf1e3c2e



Guillermo José Fernández López (2 para 2)
Secretario
Data de Sinatura: 27/07/2020
HASH: 499228a53016159cc470d3c7ccdf6a3f



DECRETO

Número: 2020-0363 Data: 24/07/2020



Cod. Validación: 5Q5MK7G3R6E Y3NMYCDHESSZTF | Corrección: https://apobpra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 11



Concello da Pobra do Caramiñal

CUARTO. Que se dea conta desta resolución ó Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que realice.

A Pobra do Caramiñal

O alcalde

O secretario

(documento asinado dixitalmente)

DECRETO

Número: 2020-0363 Data: 24/07/2020



Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280



Concello da Pobra do Caramiñal

Expte. n.º 1275/2019

BASES DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL TÉCNICO TURÍSTICO PARA O CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL

1 Obxecto:

Crear unha listaxe de carácter excepcional para a contratación laboral temporal de TÉCNICOS/AS TURÍSTICOS/AS para a oficina de turismo do Concello da Pobra do Caramiñal. Esta listaxe será supletoria da aprobada pola Resolución da Alcaldía 2010-0546 de 08/07/2019 e terá a mesma duración ca a listaxe principal aprobada pola Resolución 2019-0546.

2 Modalidade, duración dos contratos e xornada:

O modelo de contrato de traballo que se utilizará será o de duración determinada na modalidade máis axeitada ó caso concreto: realización de obras ou servizos determinados, eventual por circunstancias da produción ...

A duración dos contratos non poderá supera-lo tempo establecido nos decretos de contratación.

O contrato será pola xornada semanal que sexa necesaria para a realización das tarefas encomendadas.

Este contrato non se rexerá por ningún convenio sectorial. Unicamente poderá acollerse ó conxunto de cláusulas da negociación colectiva municipal de conformidade coa normativa vixente, posto que a contratante é a Administración pública.

3 Requisitos mínimos:

Para seren admitidas, as persoas candidatas deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:

* Os requisitos xerais exixidos para poderen participar nos procesos selectivos segundo o establecido no Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo cal se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público e a demais normativa directamente aplicábel

* Posuí-la capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ó posto

* Non estaren separadas mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que recolle o Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo cal se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (BOE núm. 261 de 31/10/2015)

* Título de formación profesional de grao superior en información e comercialización turística ou técnica/o superior en guía, información e asistencia turística; técnica/o en empresas e actividades turísticas; ou grao ou diplomatura en turismo, ou equivalente homologado

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280

DECRETO

Número: 2020-0363 Data: 24/07/2020



Cod. Validación: 5Q5MK7G3R6EY3NMYCDHESSZTF | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 11



Concello da Pobra do Caramiñal

4 Presentación de solicitudes:

As solicitudes para a participación no proceso selectivo presentaranse no rexistro xeral do Concello da Pobra do Caramiñal ou en calquera das formas prevista no artigo 16.4º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de **5 días hábiles** dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria no **Boletín Oficial da Provincia da Coruña** e no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa sede electrónica (**apobra.sedelectronica.es**). De se presenta-la instancia por medios diferentes ó rexistro xeral do Concello, a persoa interesada deberá adianta-la copia da solicitude vía correo electrónico á conta rexistro@apobra.gal

De se recibi-los ditos avisos, esperarase un máximo de **tres días hábiles** para a recepción efectiva da documentación. Logo de pasado este prazo, elaborárase a listaxe de persoas admitidas e excluídas. Xunto á instancia achegarase:

- A fotocopia simple da titulación
- A fotocopia simple do documento identificador: DNI, pasaporte ou permiso de condución, ou, no seu lugar, a acreditación do extravío ou subtracción do DNI. No caso de persoas estranxeiras, o pasaporte que acredite a súa nacionalidade, de existir un tratado que o permita, ou o NIE no caso de seren nacionais de estados membros da UE, así como as persoas cónxuxes súas, non separadas, e descendentes menores de 21 anos e dependentes; ou no resto dos casos, o permiso de residencia. Todos eles deberán estar vixentes.
- Os xustificantes dos méritos alegados na base 5.1
- A fotocopia simple do título do Celga 3 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola cal se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, de 30 de xullo)
- As persoas finalmente seleccionadas presentarán os orixinais de toda a documentación requirida anteriormente antes da sinatura do contrato. De non se presenta-la dita documentación (salvo casos de forza maior), ou no caso de se deducir desa documentación que non se reúnen os requisitos exixidos, a persoa aspirante non poderá ser contratada, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Concello contratará a seguinte persoa aspirante aprobada por orde de puntuación.

As persoas candidatas cun grao de discapacidade igual ou superior a 33% deberano indicar expresamente na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido, e deberán axuntar un ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditaminou o grao de discapacidade. Así mesmo, poderán solicita-las posíbeis adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. alcalde, no prazo máximo de dous (2) días hábiles, mediante unha resolución aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e





Concello da Pobra do Caramiñal

excluídas. A dita resolución será definitiva de non haber persoas excluídas e será exposta no taboleiro de anuncios do Concello, así como na sede electrónica municipal apobra.sedelectronica.es, coa relación das persoas aspirantes excluídas e mais coa indicación da causa da exclusión.

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de tres (3) días hábiles para achega-las emendas das deficiencias sinaladas ó rexistro xeral do Concello da Pobra do Caramiñal. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a listaxe definitiva, que se publicará na mesma forma. Contra a resolución na cal se declare a exclusión definitiva da persoa aspirante poderase interpoñer potestativamente un recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do día seguinte ó da publicación no taboleiro de anuncios do Concello da Pobra do Caramiñal.

5 Sistema de selección:

5.1 Concurso (puntuación máxima: 10 puntos):

Só entrarán no baremo os méritos adquiridos ata o día, inclusive, da publicación do anuncio da convocatoria.

Toda a documentación que a persoa candidata pretenda que se lle tome en conta para o baremo de méritos terá que ser achegada durante o prazo de presentación de solicitudes, pois non se avaliará a presentada con posterioridade ó remate do dito prazo, que será considerada como achega de nova documentación fóra de prazo.

Teranse en conta as seguintes indicacións:

- *O apartado de formación acreditarase mediante a fotocopia dos títulos ou diplomas estendidos ou certificacións expedidas polo organismo ou centro correspondente coa expresión do curso ou xornada realizada e o número de horas (no caso de equivalencias farase constar esta ou a fonte para a súa comprobación).*
- *A experiencia profesional na categoría deberase acreditar conxuntamente por medio dun informe de vida laboral, expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade social, e coa fotocopia dos contratos de traballo. No caso de ter traballado nalgunha administración pública, as copias dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio do certificado da administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente.*

5.2.1 Experiencia:

A experiencia profesional valorarase segundo o seguinte baremo:

1. Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo relacionados coas funcións que se van desenvolver na Administración pública: 0,25 puntos
2. Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo relacionados coas

Concello da Pobra do Caramiñal





Concello da Pobra do Caramiñal

funcións que se van desenvolver noutras empresas ou entidades:
0,10 puntos. Puntuación máxima: 4 puntos

5.2.2 Formación:

A. FORMACIÓN UNIVERSITARIA (puntuación máxima, 2 puntos):

A.1.- Estar en posesión de titulación universitaria (grao ou diplomatura de Turismo): 1 punto

A.2.- Por cada 30 ECT (créditos) en másteres ou cursos de posgraduado relacionados co posto de traballo: 0,5 puntos (Para os efectos do baremo considerárase que 1 ECT equivale a 25 horas.)

B. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (puntuación máxima 1,70 puntos):

Cursos (non xornadas) relacionados coas funcións que se van desenvolver:

- De 20 a 59 horas: 0,25 puntos
- De 60 a 149 horas: 0,50 puntos
- De 150 ou máis horas: 1 punto

C. COÑECEMENTO DO GALEGO (só se valorará o de maior puntuación): puntuación máxima 0,30 puntos

- Celga 5: 0,15 puntos.
- Celga 4 ou equivalente: 0,10 puntos
- curso de linguaxe administrativa medio: 0,20 puntos
- curso de linguaxe administrativa superior: 0,30 puntos

Segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146, de 30 de xullo de 2007), para o acceso e a valoración de méritos na función pública terá a mesma validez posuí-las certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde de 1 de abril de 2005 (iniciación e perfeccionamento), DOG de 14 de abril, ca as certificacións de aptitude dos Celga.

D. COÑECEMENTO DE IDIOMAS: puntuación máxima de 2 puntos

Valoraranse os coñecementos de idiomas, debidamente acreditados, que teñan relación co posto de traballo ó cal se opta, e que fosen convocados, impartidos e/ou homologados polos centros oficiais, universidades ou administracións públicas, segundo o Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL):

- A1: 0,25 puntos
- A2: 0,50 puntos
- B1: 0,75 puntos
- B2: 1 punto
- C1: 1,25 puntos





Concello da Pobra do Caramiñal

C2: 1,50 puntos

As puntuacións deste apartado non son acumulábeis polo mesmo idioma, de tal xeito que a valoración dun curso superior anula a do/s inferior/es.

5.3 Exercicio de galego: APTO/A ou NON APTO/A

Estarán exentos/as de realizar este exercicio as/os aspirantes que acrediten, mediante orixinais ou fotocopias cotexadas e dentro do prazo sinalado para presenta-la solicitude para participar no proceso selectivo, que posúen o Celga 3 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola cal se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, de 30 de xullo).

Este exercicio realizarano aquelas persoas aspirantes que resultaren seleccionadas e que non contén co certificado expedido polo órgano competente.

O tribunal comprobará a identidade das persoas candidatas antes do inicio da proba, para o cal estas deberán acudir provistas do DNI ou, de non o teren, do pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou o documento equivalente. Será excluído/a igualmente quen non poida acredita-la súa identidade.

Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión de selección ditará a resolución pola cal convocará as persoas candidatas que non demostrasen posuí-lo diploma, certificado ou curso que acredite o grao de coñecemento do idioma galego, á realización dunha proba, de carácter eliminatorio, en que poidan acredita-lo tal coñecemento.

O exercicio consistirá na tradución dun texto do castelán ó galego e doutro do galego ó castelán, extraídos ambos dalgúns dos xornais do día da proba. O tempo máximo para a realización da dita proba será de 1 hora.

Corresponderalle ó tribunal determina-lo nivel de coñecementos exixidos para acadalo resultado de APTO/A.

A actuación das persoas candidatas levarase a cabo pola orde alfabética segundo o establecido no sorteo publicado na resolución de 30 de xaneiro de 2020 da Consellería da Facenda e que establece para o presente ano empezar por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra "S".

As persoas candidatas serán convocadas nun único chamamento que se fará público a través da páxina *web*, da sede electrónica e do taboleiro de anuncios do Concello. Serán excluídas as que non compareceren, excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal.

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280

DECRETO

Número: 2020-0363 Data: 24/07/2020



Cod. Validación: 5Q5MK7G3R6EY3NMYCDHE5SZTF | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 11



Concello da Pobra do Caramiñal

6 Selección das persoas candidatas:

O tribunal efectuará a selección conforme se describe no punto quinto destas bases.

Os membros do tribunal deberanse abster de intervir, e notificarano á autoridade convocadora, cando neles concorran circunstancias das previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. As persoas aspirantes poderán recusa-los membros do tribunal cando se dea calquera das citadas circunstancias.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente, en todo o caso, o/a presidente/a e o/a secretario/a ou quen legalmente os/as substitúa.

O tribunal, na súa actuación, axustarase ó establecido nas presentes bases; no non disposto seralle de aplicación a normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados na normativa de aplicación.

Rematado o proceso de selección o tribunal relacionará as persoas aspirantes en orde de maior a menor puntuación e propondrá a listaxe ó Sr. alcalde para a realización das oportunas contratacións.

Unha vez se vaia proceder á contratación das persoas aspirantes, serán requiridas para que previamente acheguen a documentación acreditativa dos requisitos sinalados nestas bases para accederen ó posto de traballo, e presentarán unha declaración de non incorrer en causas de incompatibilidade con relación ás tarefas que se van realizar.

Como requisito previo á contratación, as persoas aspirantes realizarán o preceptivo curso de prevención de riscos laborais inicial no posto de traballo. Perderán os seus dereitos se así non o fixeren.

No caso de que a persoa aspirante non reunise os requisitos necesarios para a contratación poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo ata a finalización do que reste do programa de contratación, de se-lo caso, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada suposto.

De se produciren empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente os seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na experiencia profesional
- b) Maior puntuación na formación complementaria
- c) En ultimo lugar, resolverase mediante un sorteo público

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280





Concello da Pobra do Caramiñal

A renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo realizada pola persoa contratada suporá a perda dos seus dereitos na listaxe.

Unha vez rematada a contratación, a persoa interesada pasará a ocupa-lo mesmo posto no cal estivera na listaxe.

7 Regras de funcionamento da bolsa de emprego:

1. Coas persoas candidatas que superaren o proceso selectivo (ou con aquelas que superaren o primeiro exercicio da fase da oposición nos procedementos por oposición ou concurso-oposición) formarase unha lista por orde de puntuación total obtida, que será empregada para o chamamento de persoas candidatas coa finalidade de realizar contratacións laborais temporais en aplicación dos supostos previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos traballadores (realización de obras ou servizos determinados, acumulación de tarefas e substitución de traballadores/as co dereito á reserva do posto de traballo)/ nomeamentos temporais en aplicación dos supostos previstos no artigo 10.1 do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

Soamente poderá prescindirse desta bolsa de emprego cando a aplicación doutra norma de rango legal ou regulamentario, ou, no caso de contratacións financiadas con subvencións públicas, a súa normativa reguladora impoña a utilización dun procedemento de selección diferente, ou a existencia de requisitos ou a valoración doutros criterios de selección diferentes ós destas bases.

2. O nomeamento das persoas aspirantes efectuarase atendendo a súa clasificación na bolsa de traballo, por orde decrecente de puntuación, que virá determinada pola suma total das puntuacións acadadas no proceso selectivo.

3. Os chamamentos realizaranse por vía telefónica: efectuaranse, como mínimo, dúas chamadas cun intervalo mínimo de 5 horas. Coa finalidade de posibilita-la mellor tramitación do procedemento, os/as interesados/as son responsábeis de comunicar ó Concello calquera alteración do seu número de contacto.

O/a empregado/a público que efectúe as chamadas fará constar mediante unha dilixencia a disposición da persoa interesada a cubri-lo posto para o cal se realice o chamamento. De non atender-las chamadas telefónicas, entenderase que a persoa aspirante desiste del.

4. As persoas integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se o nomeamento para o cal son chamadas finaliza, retornarán ó posto que novamente lles corresponda na dita lista.

5. As persoas integrantes da bolsa de traballo que sexan convocadas para facer efectiva a contratación e non se presenten ou renunciem a esta sen causa xustificada, ou que renunciem a continuar desempeñando un posto para o que fosen contratadas en aplicación destas bases, pasarán a ocupa-la última posición na lista. No caso de seren convocadas por segunda vez e non atenderen o requirimento, serán excluídas da bolsa.

Concello da Pobra do Caramiñal

DECRETO

Número: 2020-0363 Data: 24/07/2020





Concello da Pobra do Caramiñal

Consideraranse como causas xustificadas para a renuncia ó chamamento as seguintes:

- A) Estar desenvolvendo un traballo remunerado en virtude de relación laboral ou funcional nas datas para as cales se efectúa o chamamento

- B) Estar realizando estudos presenciais en centros situados fóra do termo municipal da Pobra do Caramiñal, ou estar convocada a realización de exames nas datas para as cales se efectúa o chamamento

- C) Atoparse en situación de incapacidade médica que impida de xeito temporal o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo

- D) Atoparse, en caso de maternidade, dentro das 16 semanas seguintes ó nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 semanas máis por cada fillo/a a partir do segundo) ou, en caso de paternidade, dentro das 4 semanas seguintes ó nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 días hábiles máis por cada fillo a partir do segundo)

A persoa candidata deberá acreditar documentalmente a efectiva concorrencia da causa que alegue para renunciar ó chamamento.

Mediante unha resolución da Alcaldía, determinarase a procedencia da pasaxe á última posición da lista, así como a aceptación ou rexeitamento das causas alegadas polas persoas candidatas para a renuncia ó chamamento ou a desistencia no posto de traballo.

6. A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata que cese o primeiro nomeamento.

7. As persoas integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicita-la suspensión das citacións mediante unha solicitude formulada para tal efecto. A dita solicitude, que será irrenunciábel, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse dende o décimo día natural seguinte contado dende a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, á elección da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses, segundo o solicite a persoa interesada, que serán computados dende a data dos efectos da suspensión.

8. Unha vez compareza a persoa aspirante chamada segundo a orde da bolsa de traballo, por unha resolución da Alcaldía procederáse ó seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente.

9. O cesamento producirase por unha resolución da Alcaldía cando aconteza a causa de extinción do contrato de traballo ou cando se produzan algúns dos supostos previstos no Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo cal se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280

DECRETO

Número: 2020-0363 Data: 24/07/2020



Cod. Validación: 5Q5MK7G3R6EY3NMYCDHESSZTF | Corrección: <https://apobora.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 11



Concello da Pobra do Caramiñal

10. Esta bolsa de emprego será accesoria e supletoria da aprobada pola Resolución da Alcaldía n.º 2019-0546 de 08/07/2019, de xeito que se poderá empregar cando non existisen máis persoas dispoñíbeis naquela bolsa de emprego para realiza-la contratación. A duración desta bolsa de emprego será a mesma ca a da bolsa aprobada pola Resolución da Alcaldía n.º 2019-0546 de 08/07/2019.

8 Impugnación:

As presentes bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contra a convocatoria e as bases; recurso previo ó da vía xurisdiccional contencioso-administrativa, que se poderá interpoñer no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no taboleiro de edictos do Concello.

9 Interpretación das bases:

O tribunal queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e adopta-los acordos necesarios para a boa orde do proceso de selección en todo o non previsto nestas bases.

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280

DECRETO

Número: 2020-0363 Data: 24/07/2020



Cod. Validación: 5Q5MK7G3R6EY3NMYCDHE5ZTF | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11